

## **HILLARY CLINTON IN BEIJING**

### **COMENTARIOS ESTRATÉXICOS**

1.

#### **Mrs. Mongella, distinguished delegates and guests**

Utilizar o feminino (reflexionar sobre o porqué: natureza da conferencia e das participantes): ‘delegadas’ e non ‘delegados’. Mais a utilización debe razoarse, confrontándoa cos coñecementos enciclopédicos (trátase dun secretario ou dunha secretaria xeral das Nacións Unidas?).

2.

#### **every aspect of life: in the home, on the job, in their communities, as mothers, wives, sisters, daughters, learners, workers, citizens and leaders**

Estrutura simétrica e repetitiva para manter un ritmo determinado: tres bloques de tres elementos do mesmo campo semántico cada un: 1. ‘fogar, lugar de traballo, barrio’ (lugar); 2. ‘nais, esposas, irmás’ (relacións de parentesco); 3. ‘estudantes, traballadoras, dirixentes’ (ocupación). A agrupación de elementos por bloques de tres onde a organización de cada elemento destes bloques é, á súa vez simétrica no caso de seren unidades complexas, é un recurso retórico habitual enraizado e inherentemente familiar polo público receptor, polo que se utiliza na construción de discursos: reconforta as expectativas do público e permítelle extrapolar conclusións, polo que resulta importante prestar atención a este tipo de estruturas no momento de a intérprete elabora o seu discurso. Tamén lle deben servir, como para o público receptor final, para entender por que vieiros vai ir esta parte do texto e para anticipar conclusións, facilitando o seu traballo ao tempo de o tornar máis adecuado para as necesidades e expectativas do seu público. Trátase dun recurso retórico recorrente neste texto ao que se debe prestar atención (véxanse Comentarios 3, 4, 7, 10, 15, 23) e o importante é a forma da interpretación máis que a tradución exacto das palabras do orixinal, procurando manter un ritmo similar..

3.

#### **We come together in fields and in factories. In village markets and supermarkets. In living rooms and board rooms.**

Estrutura do discurso: Estrutura repetitiva nun bloque retóricos composto de tres bloques de dous elementos cada un, unidos entre eles quer por similitude fonética (Véxase Unidade 3 Comentario 15) quer por similitude morfolóxica. Cómpre manter un ritmo e estrutura similar na interpretación para alén de consideracións de exactitude tradutiva. (véxanse Comentarios 2, 4, 7, 10, 15, 23).

4.

#### **Whether it is while playing with our children in the park, or washing clothes in a river, or taking a break at the office water cooler**

Adaptación cultural: Co fin de manter o ritmo, e a frescura do texto (tamén a estrutura composta de tres elementos, véxanse Comentarios 2, 7, 10, 15, 23), cómpre procurar transmitira a forma máis do que traducir pesadamente os contidos (como se traduce ‘water cooler’ en galego?), así ‘water cooler’ substituíriase por ‘tomando un café’ (representa a idea correspondente de lugar de charla durante a pausa no traballo), e ‘washing clothes in a river’ podería pasar a ser ‘no lavadoiro’.

## **BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE**

5.

**so that we may help bring new dignity and respect to women and girls all over the world - - and in so doing, bring new strength and stability to families as well.**

Tema e estrutura do discurso: Trátase do tema chave (*leitmotiv*) que serve de fío condutor do discurso, polo que se debe transmitir con nitidez e claridade. Trátase igualmente dunha estrutura repetitiva composta de dous bloques complexos de dous elementos simétricos cada un ('bring A & B to C' / bring D & E to F', sendo os C e F os remas chaves do discurso no seu conxunto).

6.

**There are some who question the reason for this conference. Let them listen to the voices of women in their homes, neighborhoods, and workplaces.**

Recursos na lingua meta (TT): Para que o TT sexa o máis ameno e natural posíbel, cumpre manter unha distancia suficiente a respecto do TO como para permitir á intérprete intervir máis naturalmente, aproveitando os recursos propios da lingua meta (frases feitas, formulas estereotipados, colocacións., rexencia verbal apropiada...). Entre os recursos cos que contan o galego existe o pronome deíctico persoal neutro 'quen' que resulta ser moi áxil como recurso estratéxico ('Hai quen se pregunta...'). Evitarase, así, a sobre tradución de 'let them listen to' > \*'Deixa que escoiten...', co máis acertado imperativo propia deste tipo de textos en galego 'Que escoiten/oian/...'. Cumpre manter no texto interpretado en galego un ritmo directo, apelativo e impactante similar ao do TO.

7.

**the homemakers, nurses, teachers, lawyers, policymakers, and women who run their own businesses**

Estrutura do discurso: Estrutura repetitiva de tres bloque retóricos compostos de dous elementos cada un: 'amas de casa e enfermeiras'; 'profesoras e avogadas'; 'políticas e empresarias'. Cómpre manter un ritmo e estrutura similar na interpretación para alén de consideracións de exactitude tradutiva. Prima a forma sobre o fondo. (véxanse Comentarios 2, 3, 4, 10, 15, 23).

8.

**Wasn't it after the women's conference in Nairobi ten years ago that the world focused for the first time on the crisis of domestic violence?**

Recursos na lingua meta (TT): Empregar marcas metadiscursivas explícitos permite prescindir de manter unha entoación correcta ao longo do segmento en cuestión, a tratarse dunha pregunta retórica marcada sintáctica e pragmaticamente polo uso dunha sintaxe interrogativa negativa facilmente detectábel en inglés. Neste caso a partícula 'acaso' é de grande utilidade estratéxica.

9.

**There, the discussion will focus on local -- and highly successful -- programs**

Omisión: Pola súa propia natureza os segmentos colocados entre guións (que se detectan tamén oralmente pola entoación particular que se lles dá) son incisivos ou engádegas *a posteriori* que dos que

**BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE**

## BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE

se pode precisar. Estratexicamente resulta máis áxil, sempre cando for posíbel, omitilos no seu momento para poder enlazar sintacticamente co resto da oración principal, volvendo a recolocar as parénteses, se couber, ao final.

10.

**What we are learning around the world is that, if women are healthy and educated, their families will flourish. If women are free from violence, their families will flourish. If women have a chance to work and earn as full and equal partners in society, their families will flourish. And when families flourish, communities and nations will flourish.**

Estrutura do discurso: Estrutura repetitiva nun bloque retóricos composto de tres elementos ('if women X, Y will flourish'). A conclusión é o cuarto elemento ('and when...'), tamén composto de tres elementos: 'familias' (enlaza co elemento final do bloque inmediatamente anterior para cohesión interna); 'comunidades'; 'nacións'. Cómpre manter un ritmo e estrutura similar na interpretación para alén de consideracións de exactitude tradutiva. Prima a forma sobre o fondo (véxanse Comentarios 2, 3, 4, 7, 15, 23).

11.

### **government officials**

Para evitar falsos amigos e traducións erróneas, sempre convén manter unha distancia suficiente entre a estratexia básica da tradución por segmentos, permitindo a intervención natural da intérprete como axente activo da lingua de chegada. Así, evítárase (mal)traducir \*'oficiais gobernamentais' por 'representantes gobernamentais'. É importante seguir, pois, non só a sintaxe reamañada do orixinal, senón o fío condutor para rectificar a estratexia básica sempre cando for preciso.

12.

**I have met new mothers in Jojakarta, Indonesia, who come together regularly in their village to discuss nutrition, family planning, and baby care.**

Omisión: Simplificación: 'in ~~Jojakarta~~, Indonesia' -> 'in Indonesia' (superfluo: ademais non se sabe como pronunciar e tampouco vai ser coñecido polo público receptor. Tentar manter os dous elementos, co primeiro menos importante leva ao risco de perder o Segundo máis coñecido)

13.

**I have met women in India and Bangladesh who are taking out small loans to buy milk cows, rickshaws, thread and other materials to create a livelihood for themselves and their families.**

Omisión: Non se trata de traducir con exactitude todos os elementos que son tan só exemplos, por tanto chamativos e que deben poder apelar directamente o interese do público receptor. A estratexia máis rendíbel consiste na eliminación de elementos superfluos e difíciles de traducir para non tardar de máis, evitando así correr o risco de perder información máis importante debido a unha demora excesiva no procesamento e tradución de elementos de segundo rango. Así: 'to buy (milk) cows, rickshaws, thread and other materials' > 'para compraren vacas (leiteiras), (fíos) e outros materiais' permite gardar en reserve o esforzo necesario para traducir/reformular o segmento 'to create a livelihood for themselves...?'

## BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE

## **BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE**

14.

**Women comprise more than half the world's population. Women are 70% percent of the world's poor, and two-thirds of those who are not taught to read and write.**

Estrutura do discurso: Estrutura repetitiva composta de tres bloques retóricos, expresados cada un nun valor numérico/proporción, aínda que de xeito diferente para maior variedade estilística (50%; 70%). Unha estrutura sinxela permite realzar esta estrutura repetitiva: ‘as mulleres son/representan’. (véxanse Comentarios 2, 3, 4, 7, 10, 23).

15.

**Every woman deserves the chance to realize her God-given potential**

Adaptación cultural: A referencia relixiosa non é natural/apropiada na lingua-cultura de chegada e correría o risco de ser malinterpretado polo público receptor de se transmitir sen máis desde a lingua-cultura de partida onde a carga relixiosa é moito menor. Unha opción estratéxica, pensado na público receptor e a non terxiversación da oradora mediante sobretradución consistiría na súa eliminación: ‘~~god-given potential~~’ > ‘potencial’(véxase Comentario 25).

16.

**protect and promote internationally recognized human rights.**

Omisión : sacrificar dobrete repetitivo (‘protect and promote’ > protexer / promover) segmento adxectivo (~~internationally recognized~~) para non perderse cunha carga sintáctica excesiva e non de todo imprescindible.

17.

**the rape of women continues to be used as an instrument of armed conflict**

Simplificación: Simplificar para crear espazo cognitivo para poder despegarse do texto de partida (TO) suficientemente como para poder intervir directamente, aproveitando directamente os recursos propios da lingua meta para garantir un TT fluído que corresponde coas expectativas do público e polo tanto non fai dúbida da intérprete:

Simplificación: ‘a violación ~~das mulleres~~’ > ‘a violación’ (sobreenténdese por ser o tema principal do discurso)

Simplificación: ‘segue a ser ~~utilizado como~~’ > ‘segue a ser’ (o resto é superfluo)

Simplificación/Reformulación: ‘instrumento de conflito armado’ > ‘arma (de guerra)’

18.

**It is a violation of human rights when babies are denied food, or drowned, or suffocated, or their spines broken, simply because they are girls.**

Simplificación/Omisión: Simplificar para manter o impacto global da mensaxe sen enredos, cacofonías (‘asfixiar dúas veces’) e falsos amigos (‘sufocar’) > ‘matar’

Coidado tamén co xénero: traducir ‘bebés’ por ‘nenos’ levaría a confusións ao final da frase.

Recurso elegante do galego: infinitivo flexionado (‘por seren nenas/rapazas’)

**BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE**

19.

**the painful and degrading practice of genital mutilation.**

Simplificación/Omisión: Para manter a coherencia e impacto global do segmento sen perderse coa recolocación sintáctica dos adxectivos, pódese optar pola eliminación dun do adxectivos (o máis difícil de traducir para cada intérprete e/ou o menos suxerinte). Para simplificar a sintagma, tampouco resulta imprescindible recolorar o adxectivo en galego, optando sempre que for posíbel por manter a secuenciación no TT do TO. Tamén cabe a posibilidade de reasignación gramatical para maior simplificación.

Omisión: ‘painful and degrading’ -> ‘doloroso’ ou ‘degradante’/ ‘humillante’

Simplificación: ‘degradante práctica’ en vez de ‘práctica degradante’

Reasignación gramatical: ‘degradante práctica’ > ‘degradación’ / ‘humillación’

20.

**In my country, we recently celebrated the 75th anniversary of women's suffrage. It took 150 years after the signing of our Declaration of Independence for women to win the right to vote.**

Sintaxe: Para evitar ter que interpretar a que se refire o ‘it’ (referencia anafórica, catafórica ou semanticamente baleiro) cumpre optar por verbos impersonais e sen pronome forte en Galego para ficar na ambigüidade que se aclarará só a continuación ou reconstruír un suxeito novo:

Simplificación impersonal: ‘~~it took~~ 150 years’ -> ‘150 anos tras’

Suxeito novo: ‘Pasaron 150 anos’

21.

**We have also have been reminded, in V-J Day observances last weekend**

Adaptación cultural/Omisión: O segmento metadiscursivo ‘we have also been reminded’ apela aos coñecementos presumidos do público para achegar a mensaxe que pretende facer transmitir a oradora ao público de xeito máis directo, polo que a intérprete debe procurar unha inmediatez similar na súa produción, polo que, aínda sabendo o seu significado (cousa non de todo probábel), non resulta preciso explicar n que consiste ‘V-J Day’. Resultaría máis impactante e, asemade máis acorde coa intención retórica do orixinal unha interpretación aproximativa, por exemplo ‘Nas conmemoracións desta fin semana, vimos como...’ da rendición máis exacta ‘nas conmemoracións do día que marca o final da Segunda Guerra Mundial en Xapón que tiveron lugar a fin de semana pasada’ que resulta moito máis torpe, menos directa e impactante e que leva ao risco de perder o fío e omitir segmentos máis importantes a continuación.

22.

**Families rely on mothers and wives for emotional support and care; families rely on women for labor in the home; and increasingly, families rely on women for income needed to raise healthy children and care for other relatives.**

Estrutura do discurso: Estrutura repetitiva nun bloque retóricos composto de tres elementos (‘rely on X, rely on, Z rely on Y’). Cómpre manter un ritmo e estrutura similar na interpretación para alén de consideracións de exactitude tradutiva. Prima a forma sobre o fondo (véxanse Comentarios 2, 3, 4, 7, 10, 15).

23.

**as long as girls and women are valued less, fed less, fed last, overworked, underpaid**

Estrutura do discurso: Primeiro grupo de tres elementos encadeados: XY, ZY, ZY<sup>1</sup> (onde Y<sup>1</sup> = foneticamente similar a Y). Segundo grupo de dous elementos encadeados: WX, YZ (onde X e Y son participios pasados/adxectivos e W e Y son prefixos antonímicos). Máis do que procurar unha tradución literal dos ítems de cada sección, unha estratexia máis acorde co ton do discurso centraríase en transmitir o ritmo, sen gastar esforzos inutilmente nunha tarefa de tipo estético que levaría ao risco de perder o fío do conxunto do texto, o que levaría a unha parada. Unha posibilidade que xoga cos recursos propios do Galego sería: ‘desatendidas, desnutridas, desprezadas’ (novo esquema: XW, XY, XZ) e ‘traballan de máis e cobran de menos’ (nova esquema: XW, ZY: mantén a simetría atonímica e o ritmo)

24.

**God's blessings on you, your work and all who benefit from it.**

Adaptación das referencias culturais/Omisión: A referencia relixiosa non é natural/apropiada na lingua-cultura de chegada e correría o risco de ser malinterpretado polo público receptor de se transmitir sen máis desde a lingua-cultura de partida onde a carga relixiosa é moito menor. Unha opción estratéxica, pensado na público receptor e a non terxiversación da oradora mediante sobretradución consistiría na súa eliminación, substituíndo a formula de despedida por outra máis neutral e habitual na lingua-cultura de chegada (véxase Comentario 16).